



Kia EV9



VAYPERautomoción

Cruceiro da Coruña, 203 • Santiago
Vía Pasteur, 46 - 48 • Polígono do Tambre • Santiago
Tel. 981 93 73 49 • www.vayperautomocion.com

Mecánica en xeral: taller | chapa | pintura | electricidade | ITV | pneumáticos | aire acondicionado
cambio de aceite | vehículos de ocasión | reparación de vehículos de flota



Hemos venido
a jugar

Nuevo T-Cross

Llévatelo a casa
Con My Way

En la vida nunca sabes qué te puede tocar:
¿un nuevo viaje?, ¿un nuevo trabajo?
Tener el nuevo T-Cross en amarillo chillón lo dice todo.
¿Para que sirve la vida si no es para jugar?



Yáñez

Coruña - Santiago - Ferrol
981 980 970
www.yanez.es

SUMARIO

NOVAS **7**




KIA EV9 " 16
CATEGORÍA EXTRAORDINARIA

NOVAS " 7
5, 6, 7, 8 10, 12, 14



+

6 A ELECTRIFICACIÓN DE MERCEDES-AMG CONTINÚA
LANCIA YPSILON EDIZIONE LIMITATA CASSINA
CHEGA AO MERCADO O BMW X2

8 ROBOTAXI HYUNDAI IONIQ 5, UN PASO MÁIS PARA A INCLUSIÓN
CITROËN È-C3
NOVOS JEEP RENEGADE E COMPASS CON TECNOLOXÍA E-HYBRID

10 AUDI Q6 E-TRON
PEUGEOT PREPARA O LANZAMENTO DO E-5008
MG CELEBRA OS 100 ANOS CON DESCOTOS

12 TUSCADERO, NOVA COR PARA O JEEP WRANGLER



PROBA " 22
ZONTE E125



ENTREVISTA " 20
DAVID SEGADE CEO DE KARBONIUS



RETROVISOR " 26
ALFA GIULIETTA E PEUGEOT 305 V6



NÁUTICA " 29
LEXUS LY680

SECCIÓN

EDITORIAL	3
DUAS RODAS	4
PROBA	16
RETROVISOR	26
COMPETICIÓN	29

VENTA ONLINE

Hijos de C. V. Otero, S. L.

Gómez Ulla 16, 15702 Santiago de Compostela (España)
Tfn.: +34 981 56 17 40
agencia@hcvotero.es
www.hcvotero.es


Contigo desde 1887



BARREDORA MANUAL KÄRCHER S 6 TWIN



ASPIRADOR EN SECO Y HUMEDO KÄRCHER WD 6 PS



HIDROLIMPIADORA ALTA PRESIÓN HD 5/15 C

A velas vir!

Se hai unha marca que xa se converteu nun referente do sorpasso chinés á industria do automóbil europeo é BYD. Un acrónimo que significa Build Your Dreams (constrúe os teus soños). Nela basearemos este editorial.

A expectación xerada ao redor do BYD Explorer nº1, o primeiro buque fretado pola marca chinesa para asolagar o Vello Continente cos seus modelos, resume a nova dinámica que se está xerando no sector da automoción mundial. A xigantesca nave partiu con sete mil automóviles o quince de xaneiro do Porto Loxístico Internacional de Xiamo, en Shenzhen, no sur de China, con destino aos portos de Vlissingen (Países Baixos) e o de Bremerhaven (Alemaña). Tras a súa primeira parada en Vlissingen, o pasado 26 de febreiro atracou en Alemaña, onde se descargaron tres mil vehículos.

Esta é unha estratexia que elimina, en parte, a necesidade de montar fabricas fóra de China. Eliminando trabas burocráticas, políticas, elevados custos e prolongados prazos. Aínda así BYD ten entre os seus proxectos actuais construír a súa primeira fábrica europea en Hungría. Mentres tanto enviarán unha frota de megabuques con milleiros de coches para inundar o mercado europeo cos seus últimos modelos.

Esta empresa automobilística con sede en Shenzhen está dirixida por Wang Chuanfu, un exprofesor de 57 anos, que arrebatou á norteamericana Tesla o liderado como maior produtor de automóviles eléctricos. No cuarto trimestre do ano pasado, BYD, fundada en 1995 e que conta coa empresa de investimentos Berkshire Hathaway do magnate Warren Buffett entre os seus accionistas, vendeu a cifra récord de 526.000 vehículos eléctricos, fronte aos 484.000 de Tesla. A previsión para este ano é que a diferenza entre ambos os colosos do automóbil sexa aínda máis grande, evidentemente a favor de BYD. Os fabricantes europeos, como xa temos dito, non xogan nesta liga.

Temos que subliñar que BYD fabrica todo o coche, agás os pneumáticos e o parabrisas. Ademais, e curiosamente, é un dos principais fabricantes de baterías do mundo e as vende a rivais como Tesla e Toyota.

A presión deste construtor chinés obrigou a Tesla a baixar varias veces nos últimos meses os prezos dos seus modelos. Aínda así BYD ten cinco modelos máis baratos que os do seu competidor directo americano, e ademais os seus deseños son máis actuais.

BYD vai despreparar sete portavehículos máis nos vindeiros dous anos para paliar a escaseza de capacidade de transporte marítimo para a exportación de automóviles. A firma espera que construíndo e utilizando os seus propios buques para transportar vehículos conseguirá reducir os custos de transporte e axilizar a súa loxística internacional.

Este tipo de meganaves fretadas por BYD coñécense como "ro-ro", abreviatura de roll-on/roll-off en inglés, o que indica a súa capacidade para acomodar vehículos que poden entrar e saír do barco de forma independente, eliminando a necesidade de guindastres. Basicamente, un barco "ro-ro" funciona como un garaxe flotante de varios niveis, o que facilita unha carga e descarga máis rápida e, en última instancia, acelera as entregas de automóviles. O propio concepto dá unha idea das optimistas previsións do fabricante chinés á hora de asolagar outros países cos seus coches eléctricos.

A Unión Europea admite que esta invasión arremete de cheo contra a industria do automóbil do Vello Continente e ameaza con converterse nunha nova dor de cabeza para os nosos fabricantes de automóviles no medio do cambio que se está a producir dende os motores de combustión aos eléctricos.

Mentres tanto en Bruxelas os políticos continúan coas súas eternas reunións e burocracias. O como nós dicimos están "a velas vir!".



Editor:

Arrincamos, S.L.

Director:

Xurxo Sobrino Morán

Redactores

e Colaboradores:

Miguel Cumbrados, Sevi Martínez, Antón Pereira, Xabier Vilariño, Xose Arufe, Luis Penido, Luís Rivero de Aguilar, Uxía Queiruga, Nacho Carballeira, Daniel G. Palau

Deseño e maquetación:

Juan Feáns

www.juanfeans.com

SPRINT MOTOR:

SPRINT MOTOR

Avda. da Liberdade, nº16, 4ªA
15706 - Santiago de Compostela
Tfno.: 669 277 050
redaccion@sprintmotor.com
www.sprintmotor.com

IMPRIME:

Tórculo Comunicación Gráfica

Depósito Legal: C-138/97

Especialistas en coches de ocasión



COMPOSCAR

Nos importa tu tiempo!



Rúa María de los Ángeles de la Gandara, nº24 Pol. de Boisaca - 15890 Santiago - Tel.: 881 956 626

Evitar as caídas é imposible

■ MIGUEL DEL MORTIROLO | Texto e Foto

A seguridade no ciclismo hai anos que está en voga, pero ultimamente parece que colleu máis relevancia debido ás caídas producidas na Itzulia, onde caeron e sufriron danos de consideración Vingegaard, Roglic, Evenepoel ou Mikel Landa.

Nos últimos anos leváronse a cabo varias medidas para reducir as caídas, reduciuse o número de ciclistas totais nas carreiras, para así facer que houbera menos corredores e houbera máis espazo. Tamén se prohibiron os medicamentos que facían que os ciclistas non estiveran tan atentos ou producisen somnolencia, como ocorre cando tomamos un medicamento e no



prospecto nos avisa que non o podemos tomar se conducimos ou manexamos maquinaria. Tamén se mellorou na sinalización ante perigos como estreitamentos, curvas perigosas... Outra cousa que se vendeu como mellora foi

o freo de disco, que en teoría e moito mellor que o de zapata porque frea máis e nos días de chuvia e máis efectivo, pero isto tamén provoca unha falsa seguridade o facer que o ciclista agarde ata o último momento para frear, e

ás veces agardase de máis. Pero parece que todos estes avances e melloras non serviron de nada porque se seguen producindo caídas, os ciclistas ao competir e querer gañar, arriscan ata o último momento para frear ou para meterse por unha zona onde non cabe o corredor, o que algunhas veces provoca as caídas.

Se hai competición, e un gañador, é imposible evitar as caídas. Pódense reducir pero nunca evitar, porque todos os ciclistas compiten e intentan estar diante nos momentos claves, e que estean todos diante provoca moita tensión e ao final unha caída é inevitable.

Prezos motos Honda



A gama deportiva da marca, encabezada polas CBR1000RR-R Fireblade e CBR600RR, xa está nos concesionarios. Ademais, as CBR650R e CB650R equipadas con E-Clutch, tamén están dispoñibles. E-Clutch, é o primeiro embrague do mundo totalmente automático para motos con cambio convencional. O E-Clutch

elimina a necesidade de usar a maneta de embrague para cambiar ou reducir marchas.



MODELO	PREZO
CBR1000RR-R Fireblade	25.000 €
CBR1000RR-R Fireblade SP Tricolor	29.800 €
CBR1000RR-R Fireblade Carbon Edition	37.000 €
CBR600RR	13.200 €
CB650R E-Clutch	9.400 €
CBR650R E-Clutch	10.400 €

Maletas SH38X Expandable



Shad presentou o seu conxunto de maletas laterais expandibles: as SH38X Expandable. Son as únicas maletas laterais expandibles do mercado adaptables á última xeración de motos de gama alta. Con elas dispoñemos dun extra de capacidade de carga (ata un casco) nun momento determinado. É ideal para aqueles motoristas que queiran reducir a anchura da súa moto coa maleta instalada.

maleta telescopicamente, en cuestión de segundos e de maneira uniforme. A través deste sistema, as SH38X expáñdense 70mm, o que incrementa un 40% o seu volume, permitindo gardar un casco modular XL ECE 22.06 no seu interior. Son compatibles con máis de 200 modelos de motos existentes no mercado.

“Tenseguridad Dinámica”, trátase dun innovador sistema mecánico de tensión compensada, que permite expandir e contraer a



GT Fort 4.0, prestacións ao máximo nivel



A punta de lanza da gama de scooter de QJ Motor para o noso mercado é o Fort 4.0, un potente GT apto para usuarios do carné A2. O seu motor monocilíndrico SOHC de 4 válvulas con refrixeración líquida e inxección electrónica ofrece unha potencia de 33,2cv a 7.500 rpm. Ofrece unha altura de asento de 775 mm que facilita unha boa

manobrabilidade. Ademais, o espazo que queda baixo o asento permite gardar dous cascos, un integral e un jet.

A suspensión corre a cargo dunha pinza telescópica na parte dianteira e un brazo basculante con dobre amortecedor na parte traseira asinados polo especialista KYB. Este maxiscooter conta con discos de freo con sistema ABS en ambas as rodas.

Incorpora de serie elementos como un cadro de instrumentos con pantalla TFT multifunción con conectividade Mirroring, unha pantalla axustable electricamente, sistema Keyless, ou iluminación Full LED. Dispoñible en bronce, gris mate, e negro.



Ibiza FR 40 Aniversario



Dende o seu debut en 1984 o Seat Ibiza foi un éxito; seis millóns de unidades vendidas ao longo das súas cinco xeracións.

O novo FR 40 Aniversario, que engade un equipamento específico e un interior renovado, está dispoñible por 24.380 €, ou 17.980 € con descontos incluídos. Ten un acabado especial creado para conmemorar

os 40 anos do modelo máis icónico da marca. Esta versión presenta un extraordinario nivel de equipamento de serie en termos de seguridade, conectividade e confort. Entre os aspectos máis destacados atópanse a exclusiva cor Gris Graphene e as lamias de aliaxe de 18" en cor Gris Cosmo, xunto cun interior que aumenta a deportividade grazas á inclusión

de asentos Bucket e molduras en tons exclusivos.

Pódese elixir co motor 1.0 TSI de 115cv con cambio manual de seis relacións (exento do pago do imposto de matriculación), o mesmo motor de 115cv con cambio automático DSG de sete velocidades, ou co motor 1.5 TSI (150cv) con cambio DSG.

En canto á conectividade, cabe destacar o sistema de

navegación con pantalla de info-entretenemento de 9,2", o sistema Seat Connect con funcións online integradas, o sistema Full Link sen cables (Android Auto e Apple CarPlay), o cadro de instrumentos Dixital Cockpit de 10,25", o cargador sen cables para o smartphone e moito máis. Así mesmo, presenta un alto nivel de seguridade co paquete Safe.



Das Welt Auto.



No busques. Encuentra tu coche de ocasión.



CUPRA FORMENTOR 32.990 €
1.4 e-Hybrid 204cv híbrido enchufable
AÑO 10/2023 - 5.560 Km



SEAT ATECA 24.990 €
1.5 TSI 150CV DSG Xperience
AÑO 3/2023 - 34.590Km



CUPRA FORMENTOR 26.990 €
1.5 TSI 150CV DSG
AÑO 04/2023 - 16.711Km



SEAT ARONA 16.490 €
1.0 TSI 110cv Style
AÑO 06/2023 - 11.400Km



CUPRA LEON 29.990 €
1.5 eTSI 150CV DSG
AÑO 12/2023 - 2.916 Km



SEAT IBIZA 16.990 €
1.0 TSI 110 cv FR
AÑO 03/2023 - 11.148 Km



Compostela Motor
C/ Milladoiro, s/n - Compostela
T. 981 531 243

Marineda Motor
Av. Alcalde Alfonso Molina, 2 - A Coruña
Tel. 981 173 111

Das WeltAuto.es
La web de vehículos de ocasión garantizados

*Bonificación sobre PVP/IVA incluido, para clientes particulares y autónomos que financien a través de Volkswagen Bank GmbH S.E. (según condiciones contractuales) aplicable a todos los vehículos SEAT o CUPRA con hasta 2 años de antigüedad disponibles en Compostela Motor o Marineda Motor, consulte condiciones particulares de cada vehículo. Oferta válida hasta el 30/04/2024. Incompatible con otras ofertas financieras. Consulta condiciones en tu concesionario SEAT Compostela Motor y SEAT Marineda Motor.

A electrificación de Mercedes-AMG continúa

→ Mercedes-AMG presentou o E 53 Hybrid 4Matic, un vehículo híbrido enchufable que combina innovadoras prestacións cunha ampla autonomía eléctrica. A raíz dos seus resultados atópase a combinación dun motor de seis cilindros en liña de 3.0 litros cun motor eléctrico síncrono que desenvolve unha potencia máxima de sistema de 430 kW (585cv), contando ademais cunha función de

Race Start que aumenta temporalmente a potencia a 450 kW (612cv). Isto permítelle acelerar de 0 a 100 km/h en 3,8 segundos e alcanzar unha velocidade máxima de 280 km/h. Ademais, pode circular ata 140 km/h en modo eléctrico grazas a un motor eléctrico de 120 kW integrado no cambio, o que aforra espazo e axilidade dende o arrinque. O par máximo do motor eléctrico é de 480 Nm. A batería de 400 volts ten unha capacidade

bruta de 28,6 kWh e está situada na parte traseira, baixo o piso do maleteiro. Aínda que a enerxía diaria utilizable é

de 21,22 kWh, a batería de alta voltaxe permite unha autonomía eléctrica de máis de cen quilómetros.



Lancia Ypsilon Edizione Limitata Cassina

→ A última novidade de Lancia ofrécese como o mellor vehículo da súa clase no segmento dos hatchback B premium. Propúlsase por medio dun motor híbrido de última xeración de 1,2 litros, 3 cilindros e 48 volts. A versión híbrida do Ypsilon (xa que tamén conta cun modelo 100% eléctrico) dispón dunha transmisión automática e-DCT de seis velocidades e sistemas de manobra de baixo consumo, o que mellora a versatilidade e o respecto polo medio ambiente. Doutra banda o deseño

interior e exterior responde aos patróns distintivos de Lancia, converténdose nunha auténtica sala de estar en cor azul, cun innovador "tavolino" multifuncional.

O Ypsilon destaca ademais por unha gran pantalla de 10,25 polgadas, sistemas avanzados de axuda ao aparcamento, iluminación exterior de alta tecnoloxía e conducción autónoma de nivel 2. A nova versión exclusiva está dispoñible a partir de 28.000 €.



Chega ao mercado o BMW X2

→ Facendo gala da súa historia innovadora BMW introduciu co X2 o concepto de Sports Activity Coupé (SAC) no segmento dos compactos premium. Agora chega a segunda xeración cunha presenza máis distintiva e deportiva, incorporando dúas variantes totalmente eléctricas arredor do concepto BMW ix2. A

nova xeración ofrecerá propulsión totalmente eléctrica, un motor diésel e gasolina de alta eficiencia grazas á hibridación suave (Mild-Hybrid), cunha batería de 48 volts (etiqueta ECO da DXT). As novas actualizacións fabricaranse na planta do BMW Group en Regensburg e o lanzamento ao mercado comezou o mes pasado.

Modelo	Modelo	Etiqueta	Prezo
Eléctrico	xDrive30	0	58.200 €
	eDrive20	0	50.700 €
Gasolina	xDriveM35i	C	72.000 €
	sDrive20i	ECO	47.300 €
Diésel	sDrive18d	C	45.800 €
	xDrive20d	ECO	49.400 €



BREVES

- » **Salvador Caetano** Auto será o distribuidor oficial dos automóbiles eléctricos da chinesa Xpeng en 2024 para España e Portugal.
- » **Thomas Schäfer**, conselleiro delegado de Volkswagen, esixe un "marco propicio" para a electromobidade en España e Europa.
- » **Spoticar, a marca**

de vehículos de ocasión do Grupo Stellantis, lanza o servizo "Spoticar Direct". Será posible comprar directamente na web spoticar.es unha ampla selección de coches procedentes do stock de Stellantis.

» **O prezo medio do** vehículo de ocasión en España pechou marzo cunha

alza dun 7,5% comparada co mesmo mes do ano pasado, ata os 20.593 €.

» **MG abriu os pedidos** para o novo MG3 Hybrid, o seu primeiro modelo híbrido autorrecargable, que non necesita enchufes, por un prezo de saída de 19.990 € (sen promocións nin descontos).

» **DS abre os pedidos** do S 3 Hybrid, que se comezará a entregar en xuño. Dispoñible dende 33.400 euros.

» **Este mes Porsche** mostrará na feira Retros Classics de Stuttgart a exposición "Beyond Performance-50 years of Porsche Turbo" para conmemorar o cincuentenario do 911 Turbo.

Lexus presentou o novo UX 300h



A mítica división de vehículos de luxo da marca xaponesa de Toyota, Lexus, presentou o seu novo crossover urbano para substituír ao UX 250h. O UX 300h é agora un modelo híbrido que ofrece unha potencia mellorada, xa que conta cun motor de 2.0 litros e catro cilindros en liña, combinado con un ou dous motores eléctricos (na versión 4x4). Así a potencia total é de 146 kW (199cv), o que representa un aumento dun 8% en comparación co 135 kW (184cv) do UX 250h. Como resultado, a aceleración de 0 a 100 km/h redúcese no modelo de tracción

4x2 de 8,5 a 8,1 segundos, e na versión de tracción total (4x4), de 8,7 a 7,9 segundos. Conta tamén cun novo sistema híbrido de quinta xeración que substitúe a batería anterior de hidruro de níquel por unha de ión de litio, o que mellora a eficiencia.

O modelo estará dispoñible en seis acabados: Relax, Relax+, F Sport, F Sport+, UX e UX+. Todos destacan por incluír un cadro de instrumentos dixital de 12,3 polgadas e a incorporación de serie do sistema de seguridade Lexus Safety System+ de terceira xeración.



Volkswagen presenta o ID. Buzz GTX



A electrificación está a darnos a oportunidade de revivir moitos dos clásicos da historia da industria automobilística. Nesa andaina Volkswagen anunciou a volta ao asfalto do ID Buzz GTX, o Bulli máis famoso da historia (furgonetas popularizadas nos anos 50). Será o máis potente de todos os tempos e lanzarase con dúas batallas e dúas novas baterías diferenciadas. A furgoneta con batalla estándar verá a luz cunha batería de 79 kWh, mentres que a variante de batalla longa está equipada cunha batería de 86 kWh.

O regreso do clásico alemán chega así con dous tamaños distintos e dispoñible en 5, 6 ou 7 prazas.

As dúas variantes ID. Buzz GTX están equipadas con dous motores eléctricos. Un motor de 80 kW acciona o eixo dianteiro, mentres que un motor de 210 kW impulsa o eixo traseiro e xuntos forman a tracción total. Contará con tracción total de serie para ofrecer unha capacidade de remolque e unha tracción óptimas en calquera situación de conducción. Ámbolos modelos GTX incorporan de serie tracción total 4Motion

e poden acelerar de 0 a 100 km/h en só 6,5 segundos. A velocidade máxima dos modelos GTX está limitada electronicamente a 160 km/h. Os

dous modelos pódense cargar en estacións de carga rápida dun 10% ao 80% nuns 26 minutos. A pre venda do ID. Buzz GTX comezará no verán.



Basalt Vision, o novo SUV cupé de Citroën



A internacionalización das marcas europeas pasa por adaptarse aos mercados locais procurando diferenciacións con valor engadido. É o caso do Basalt Vision de Citroën, un novo concepto de SUV cupé compacto que se incorporará á gama da marca, inicialmente, na India e América do Sur. O anuncio da compañía veu acompañado das primeiras imaxes do vehículo, que amosa un deseño exterior elegante, fusionando varios códigos automobilísticos para ofrecer aos clientes

a fluidez e o dinamismo dun cupé, xunto ás vantaxes e a robustez dun SUV elevado.

O Basalt Vision é unha berlina de cinco portas desenvolvida coa implicación directa dos equipos da sede central, tendo presente aos equipos e ao público de cada rexión. Desta maneira, beneficiándose dunha forte integración local, este modelo apoiará o crecemento internacional de Citroën xunto aos C3 e C3 Aircross. Os tres modelos inscribíense no mesmo programa para lanzar ao mercado coches cun forte carácter e unha experiencia que

definen na marca como distintiva. A compañía asegura que o modelo presentado é unha

visión fiel do que se ofrecerá aos clientes no segundo semestre deste ano.



Robotaxi Hyundai Ioniq 5, un paso máis para a inclusión

→ Hyundai lanzou unha micropelícula de escasos catro minutos na súa canle de Youtube. Nela, o Robotaxi Ioniq 5, cen por cento eléctrico autónomo, supera con éxito o exame para obter o carné de conducir en Estados Unidos. A historia mostra ao vehículo completando unha serie de probas de condución a nivel público, incluíndo a condución no Strip de Las Vegas, demostrando un rendemento sobresaínte diante dunha examinadora acostumbrada a suspender ao 80 por cento dos seus aspirantes. A examinadora fica impresionada

polo control da velocidade do Robotaxi Hyundai Ioniq 5, os cambios de carril e as manobras, así como pola súa capacidade para deterse con precisión diante dun sinal de stop ou diante de perigos non agardados.

A película conta tamén a historia de Caroline, unha invidente que soña con volver a dispor de maior liberdade de movementos, reforzando a visión "Progress for Humanity" da compañía, transmitindo valores de inclusión co obxectivo de proporcionar liberdade e seguridade de mobilidade a todos.



Citroën ë-C3

→ O novo C3 eléctrico da un salto na autonomía para combater a ansiedade dos condutores electrificados, ofrecendo máis de 300 km (en proceso de homologación) grazas a unha batería de 44 kWh. Isto permite afrontar traxectos longos, cargándose rapidamente, precisando só de 26 minutos para pasar dun nivel de carga dun 20% ao 80% nunha estación de carga de corrente continua de 100 kW. O ë-C3 é fiel ao seu espírito inicial, conta cunha lonxitude de 4,01 m e un motor de 83 kW/113cv, reforzando a

habitabilidade cunha innovadora suspensión de amortecedores hidráulicos progresivos e os asentos Citroën Advanced Comfort. Ademais, está equipado con tecnoloxías prácticas que melloran a conectividade dixital do vehículo así como das diferentes posibilidades de personalización. A gama do ë-C3 ofrece dous niveis de acabado, as dúas destacando pola súa habitabilidade e as súas prestacións para a vida diaria. A versión "You" parte de 15.800 € e a versión "Max" está dispoñible dende 20.300 €, incluíndo as axudas do Plan Moves III.



Novos Jeep Renegade e Compass con tecnoloxía e-hybrid

→ Os novos lanzamentos de Jeep seguen a andaina da compañía na combinación de innovacións técnicas para mellorar tanto as prestacións como a pegada ecolóxica. Desta maneira os dous vehículos, tanto o Renegade como o Compass, contan cun motor turbo GSE T4 de 1.5 litros e incorporan varios compoñentes e capacidades innovadoras destinadas a mellorar a eficiencia e o rendemento. O motor GSE T4 conta cun deseño turboalimentado de ciclo Miller de catro cilindros de gasolina, que xera 130cv e 240 Nm de par máximo, o que ofrece potencia e economía de combustible. Ambos contan co tren motriz e-Hybrid, que xestiona o sistema de propulsión

ao cambiar automaticamente entre motores totalmente eléctricos, híbridos e de combustión interna, en función de factores como o estado de carga da batería de 48 volts (refrixerada por líquido e cunha capacidade de 17,5 Ah), as condicións de condución en tempo real e outros

parámetros monitorizados. O sistema híbrido integra un sistema de freos intelixente, o que permite a freada rexenerativa para aproveitar a enerxía durante a desaceleración. Tanto o Jeep Renegade como o Compass presentan novas liñas máis aerodinámicas e eficientes, composta por

tres versións para o Renegade (Renegade, Altitude, Summit) e dúas versións para o Compass (Altitude e Summit). En canto aos prezos, a versións Altitude dos novos Jeep Renegade e Compass e-Hybrid parten duns prezos de tarifa de 34.800 € e 41.850 €, respectivamente.



TALLERES SPRINT



ANTONIO BALIÑAS, S.L.

ventas@balinas.com
T: 981 88 16 69

A Barquiña s/n
15830 Negreira

www.balinas.es



Bosch Car Service

Talleres Bastón

- Reparación de Cambios automáticos
- Adaptación de vehículos para discapacitados
- Mecánica de mantenimiento
- Electricidad
- Encendido
- Carrocería
- Frenos, ABS, ESP
- Mecánica motot

Salvadas, 23
15705 SANTIAGO
(A Coruña)

Tel.: 981 58 56 27

t. baston@bosch-bcs.com
baston@adgruporegueira.es



*Cuidamos de tu vehículo,
cuidamos de ti ...*



**Tu taller de servicio rápido
y mecánica en Compostela**

981 549 531

Rúa de San Cristovo, 47 (O Eixo) Santiago de Compostela



talleres pontevea

- Servicio rápido
- Mecánica
- Diagnose

- Pneumáticos
- Chapa e pintura
- Accesorios



Gran variedad de turismos e comerciais de OCASIÓN. Visítanos!!

Lugar Igrexa de Reis, 2 - 15883 Reis - Teo (A Coruña) • 981 809 053 / 650 196 956 • tallerespontevea@gmail.com • www.tallerespontevea.com



Audi Q6 e-tron



En termos de prestacións, autonomía e deseño, a chegada do novo Audi Q6 e-tron quere ser un fito no vibrante mercado dos SUV, así como na electrificación da marca dos catro aros. Contando cunha potencia do sistema de 285 kW marca un novo estándar na autonomía da compañía (ata 625 km na configuración máis eficiente), podéndose recuperar en só dez minutos ata 255 km de autonomía nunha estación de carga adecuada (High Power Charging, HPC). Ademais acelera de 0 a 100 km/h en 5,9 segundos e ten unha velocidade máxima de 210 km/h. As primeiras

entregas están previstas para o verán.

A familia Q6 e-tron (da que tamén haberá unha versión máis potente, a SQ6 e-tron) é a primeira serie de modelos totalmente eléctricos, que producidos na planta de Ingolstadt, marcan o inicio da produción sobre a Plataforma Eléctrica Premium desenvolta conxuntamente con Porsche. O CEO de Audi, Gernot Döllner, declarou "A nova Plataforma amosa como estamos unindo coñecementos dentro do Grupo Volkswagen para facer escalable a mobilidade eléctrica. Grazas a ela podemos lanzar modelos de gran volume con altos estándares técnicos

en diferentes segmentos e, desta forma, seguir electrizando a nosa gama".



Peugeot prepara o lanzamento do E-5008



Peugeot presentou durante o mes de marzo o seu novo SUV eléctrico superior, apostando por reforzar as características clásicas da marca, como a habitabilidade ou o deseño. O vehículo que estará dispoñible para a súa compra no outono do 2024 demostra a flexibilidade da plataforma Stellantis STLA Medium, de estrea co Peugeot E-5008 nunha configuración estirada. A plataforma ofrece unha distancia entre eixes de 2,90 metros, en beneficio do espazo para os pasaxeiros, dentro dunha lonxitude total de 4,79 m. A innovadora plataforma consegue resultados rechamantes para o vehículo, como

unha autonomía de ata 660 quilómetros, un tempo de recarga, dun 20% ao 80% en trinta minutos, ou todo tipo de servizos conectados (planificador de viaxes, carga intelixente, carga de vehículos e actualizacións Over The Air).

O seu lanzamento contará con dous niveis de equipamento, Allure e GT, xunto a tres paquetes diferenciados para facilitar a elección entre tres motores eléctricos (210cv, 230cv de longo alcance e 320cv de motor dual con tracción nas 4 rodas), así como dous motores electricificados, híbrido de 48 volts (136cv) e híbrido enchufable (195cv).



MG celebra os 100 anos con descontos



Dende a traxectoria da súa historia, de matriz británica, a compañía chinesa MG celebra o seu centenario fiel ao seu lema actual "Eléctricos para todos". Lanzada en febreiro, a compañía anunciou unha campaña que supón un paso máis de MG para achegarse ao gran público e levar a mobilidade eléctrica a todos os fogares españois. Para isto MG España ten aberta unha campaña de descontos e garantías ampliadas nos seus máis recoñecidos vehículos como os MG4, ZS EV, MG5 e Marvel. Algún dos

prezos chegan a rebaixarse ata 2.000 euros, descontos que se unen aos que xa están en marcha polos distintos plans de mobilidade (Plan Moves III). Ademais dende o mes de marzo todos os modelos eléctricos da marca ofrecen de forma gratuita tres anos de mantemento. Aínda máis, tamén a gama MG ZS de gasolina arrinca por exemplo en 14.690 euros, mentres que o Luxury parte dos 16.890 euros. No caso do ZS e o Luxury, os dous ofrecen un ano de seguro a todo risco e sete anos de garantía.



VUELVE

EL RECAMBIAZO
DE ASER



HASTA **10%***
D.T.O. EN PRINCIPALES
MARCAS



50.000€
EN HERRAMIENTAS



www.elrecambiazodeaser.com

Desde el 1 al 31 de mayo de 2024



otero caritón

Jaime y Ramón Otero Caritón, S.L.

RECAMBIOS DEL AUTOMÓVIL • MAQUINARIA DE AUTOMOCIÓN • PINTURAS EN GENERAL

Vía Edison, 30 - 32
Polígono Industrial del Tambre
15890 - Santiago de Compostela

Teléfono: 981958340
www.otero cariton.com

Novo Renault Captur



Renault quere que o Captur continúe a ser un modelo de referencia no mercado dos SUV, conservando a súa polivalencia, o seu espazo interior de alto nivel e os seus equipamentos tecnolóxicos e enxeñosos. Co seu frontal completamente renovado, o novo Captur sobe de nivel para seguir a ser un dos modelos de referencia dos SUV urbanos do segmento B, que representa o trinta por cento do mercado total e o cincuenta dentro dos SUV. O novo Captur incorpora a nova linguaxe de Renault creada por Gilles Vidal, o seu director de Deseño, caracterizado por liñas marcadas e detalles precisos, xogando coa luz e os materiais para crear un aspecto máis atractivo e dinámico. A súa posición de condución elevada é moi apreciada, xa que permite

un fácil acceso ao vehículo e unha boa visibilidade da estrada.

O novo Captur comercializarase no noso país con cinco motorizacións (para outros mercados ofrecerase unha

sexta) entre as que destaca a tecnoloxía E-Tech full hybrid de 145 cabalos, que ofrece unha relación destacada entre prestacións e consumo. Estas calidades explican o seu éxito comercial dende o

seu lanzamento hai dez anos, con máis de dous millóns de unidades vendidas en noventa países de todo o mundo, todas elas producidas na Factoría de Valladolid.



Tuscadero, nova cor para o Jeep Wrangler



Tuscadero é unha cor magenta cromática, profunda e intensa, escollida para o novo exterior da edición limitada do novo Jeep Wrangler 2024, o SUV máis icónico e con maior capacidade todoterreo do mundo. De regreso por demanda popular, Tuscadero é parte dunha longa liña de cores vivas, especiais e de edición limitada, que Jeep

desenvolveu nos últimos anos, como Gobi, Gecko, Chief ou Nacho, que agregan personalización e atractivo tanto ao Jeep Wrangler como a outros modelos da marca Jeep.

O Jeep Wrangler 2024 xa está dispoñible, ademais de coa cor Tuscadero, con Anvil, Earl, Firecracker Red, Granite Crystal, Silver Zynith, Hydro Blue, Bright White e Black.



Mercedes-AMG GT 43 Coupé



Mercedes-AMG ampliou a súa grella co novo cupé, o AMG GT 43 Coupé, que destaca a primeira vista pola elegante concepción do seu deseño exterior. As características deste cupé veñen dadas por un motor lixeiro de catro cilindros no eixo dianteiro, así como a propulsión traseira, grazas a un motor turbo AMG de 2.0 litros que xera 310 kW (422cv). Conta cun par máximo de 500 Nm, grazas tamén a un turbocompresor eléctrico, unha

tecnoloxía da Fórmula 1 que asegura a potencia e axilidade. Desta maneira a aceleración de 0 a 100 km/h conséguese en 4,6 segundos, obtendo unha velocidade máxima de 280 km/h.

Ademais, o sistema eléctrico a bordo de 48 volts permite funcións de eficiencia e impulso extra temporais, como a recuperación de enerxía. Conta ademais con seis programas de condución grazas ao paquete opcional AMG Dynamics Plus, que permite axustar o

comportamento do vehículo de cómodo a dinámico, proporcionando unha experiencia

de condución adaptada a diversas condicións.



Alfa Romeo Milano

→ Alfa Romeo presentou ao Milano como un obxecto único, que combina un estilo cativador coa tecnoloxía máis avanzada en termos de confort e dinámica de condución. Comodidade sen concesións, como o demostra o maleteiro máis grande entre os competidores *semipremium* (400 litros). Milano tamén está dispoñible en híbrido e eléctrico, sen distincións en canto a estética ou equipamento.

Este italiano estará dispoñible na configuración "Ibrida", a primeira do segmento en ofrecer tamén a variante Q4 de tracción total con xestión automatizada do eixo de tracción traseira, e como "Elettrica", en dúas variantes de potencia con 156cv e unha autonomía de ata 410 km, así como a máis deportiva Veloce de 240cv, o epítome do ADN deportivo de Alfa. O deseño evoluciona nas características

distintivas que crean unha conexión emocional; á fin e ao cabo, un Alfa Romeo sempre estivo dirixido a aqueles que buscan un coche non só para ser un medio de transporte, senón para unha simbiose, un vínculo que poida facer aflorar emocións auténticas.



GR86 RZ, un deportivo por 34.900 €

→ Toyota pon á venda no noso país 50 unidades do GR86 RZ, o terceiro modelo GR global de Toyota, xunto ao GR Yaris e GR Supra, dende 34.900 €. É a última oportunidade de conseguir un dos exclusivos GR86 en todo o mundo. As 50 unidades estarán dispoñibles de maneira inmediata.

O motor de catro cilindros bóxer, de 2,4 litros e 234cv mellora as cifras de potencia

e par do seu antecesor de maneira substancial; o agrado de condución tamén mellorou grazas a que o par está agora dispoñible nun réxime de voltas máis baixo e amplo.

Con esta edición quérese celebrar a chegada da GR Cup Spain 2024, a copa de circuitos organizada por Toyota e MSi, que comeza en maio. Para esta nova copa fabricáronse 20 unidades, que xa están á venda.



Novo Opel Frontera

→ O novo Frontera impresiona pola capacidade de carga. Cos asentos traseiros levantados, xa ofrece máis de 460 litros de espazo para a equipaxe do maleteiro; cos asentos abatidos, a capacidade aumenta ata os 1.600. A división 60:40 do asento traseiro proporciona unha versatilidade adicional, mentres que un segundo piso de carga vén de serie. Os clientes

poderán elixir entre unha variante puramente eléctrica de batería e unha propulsión altamente eficiente con tecnoloxía híbrida de 48 volts. Independentemente da transmisión que elixa o cliente, pode esperar un bo nivel de pracer de condución grazas á configuración específica do chasis. Os enxeñeiros de Rüsselsheim prestaron moita atención á optimización do control da carrozaría.



Skoda Epiq para o 2025



O bosquejo dixital publicado por Skoda o mes pasado, destaca as principais características do futuro vehículo de produción da compañía, que pon en marcha a linguaxe de deseño *Modern Solid*. Concibido como

un SUV *crossover* urbano e eléctrico, o Epiq combina un deseño moderno e amplo espazo, cunha mellora na autonomía eléctrica, que alcanza os 400 km.

Deseñado como un automóbil pequeno con ambicións

épicas, conta con 4,1 metros de lonxitude, mais ofrece un xeneroso interior de ata 490 litros de capacidade de maleteiro. Proxectado para saír a venda cun prezo de entrada de 25.000 euros venderase como unha excelente opción

para os clientes que se inician na mobilidade eléctrica. Os fabricantes de Skoda queren que o Epiq sexa un vehículo asociado ao deseño, a funcionalidade e a eficiencia eléctrica. A marca está convencida que este é o camiño correcto.



Imaxes exclusivas do novo Abarth 600e



A compañía italiana fundada en 1949 tralo fin da Segunda Guerra Mundial fai un agasallo especial á súa comunidade ao revelar tres imaxes inéditas do Novo Abarth 600e, o que será o Abarth máis potente da historia. Equipado con 240

cabalos, conta cun diferencial mecánico de "esvaramento" limitado e contidos de competición. O deseño interior destaca por uns asentos específicos de inspiración *racing* e un volante deportivo con insercións de coiro deseñados por Alcantara, que realzan a

exclusividade do vehículo. A habitabilidade vese reforzada coas mellores tecnoloxías a bordo, incorporando por exemplo unha radio NAV de dez polgadas ou un sistema de info-entretenemento con gráficos específicos de Abarth, así como unha función dedicada

a activar e desactivar doadamente o inconfundible son de Abarth proporcionado polo Sound Generator. Potencia, conectividade e o pracer da condución son os sinais distintivos que a marca italiana busca para o seu 600e.



Axenda Sprint



Novo Concesionario
Segway



**Recambios
Balsa**



www.recambiosbalsa.com

Recambios, accesorios, pintura y herramientas



¡TENEMOS EL BOCADILLO QUE TE GUSTA!



**Bocadillos
Sandwich
Hamburguesas
y Pollos Asados**

Rosalía de Castro, 23 | Esquina Montero Ríos | © 981 590 538

Gran variedad en Desayunos
y Platos Combinados



Montero Ríos, 39
Santiago de Compostela
© 981 593 636

**Oscar
Tires**

Oscar Tires Avda. Rosalía de Castro, 28 MILLADIOIRO 15895 Amés. Tel. 981 53 05 79

BRIDGESTONE
Nuevo Potenza Sport
Controla tu viaje, despierta tus sentidos.
El Bridgestone Potenza Sport es un neumático
de altas prestaciones que te permite
aprovechar todo el potencial de tu vehículo
y mantener un control total durante tu viaje.



Kia EV9**Categoría extraordinaria**



- XURXO SOBRINO | TEXTO
- UXÍA QUEIRUGA | FOTOS

Se hai algo que chama a atención nada máis ver o Kia EV9 é que estamos ante un vehículo dunha magnitude extraordinaria... en todos os sentidos. Ademais de polas súas medidas exteriores a súa amplitude interior tamén se sae do que é normal e habitual. Tamén a tecnoloxía que incorpora é extraordinaria.

Cunha lonxitude de 5.010 mm, o EV9 é o vehículo de

pasaxeiros máis espazoso da marca ata a actualidade e é o segundo modelo de Kia que concibido sobre a estrutura específica para vehículos eléctricos de HMG: a plataforma modular eléctrica global ou E-GMP. O EV9 mide 1.980 mm de ancho e 1.750 mm de alto, cunha distancia entre eixes de 3.100 mm. Ademais de ser amplo para os pasaxeiros, tamén proporciona un espazo de almacenamento adicional en forma de maleteiro dianteiro. Na versión



de tracción traseira (non dispoñible para España), ten un volume máximo de 90 litros, mentres que a de tracción total ofrece 52 litros. O volume do maleteiro traseiro de 828 litros con 4 ou 5 asen-

“ A dirección é comunicativa e a tracción total mantennos pegados ao chan

tos e ata 333 litros con 6 ou 7 asentos. Chegaremos ao máximo de superficie transportable con tan só os dous asentos dianteiros, co que se logrará unha capacidade de 2.393 litros.

Deseño

O deseño do EV9, caracterízase por unhas liñas e superficies sinxelas. Os deseñadores traballaron para dotar a este vehículo de sete prazas dun atractivo visual exclusivo, harmonizando de forma única a axilidade dun vehículo eléctrico coa robustez dun SUV, así como potenciando o aproveitamento do espazo cun perfil elegante. Tamén implementaron un deseño exterior robusto pero refinado

mediante a utilización do simbolismo visual de polígonos e triángulos.

O EV9 desmárcase do visto anteriormente e leva o deseño ata un extremo nunca visto na firma, cun frontal agresivo á vez que limpo, presidido polas ópticas dianteiras verticais que se unen entre si horizontalmente pola tira de LED.

Na zaga o protagonismo téñeno a forma dos pilotos en disposición vertical, para así darlle máis presenza ao portón e o cristal traseiro. Todo isto redondéase con detalles como as lamias de 21 polgadas ou as pinturas da carrocería en mate.

Interior

Un automóbil grande por fóra que ten a súa réplica nun interior espazoso e elegante, onde a marca puxo

“ A marca puxo a til na calidade dos materiais

o til na calidade dos materiais. É de longo o vehículo máis luxoso que o fabricante surcoreano ofrece agora no noso mercado, marcado

igualmente por unha alta conciencia ambiental grazas ao uso de materiais reciclados. O posto de condución ten toques únicos como é a tripla pantalla disposta no cadro de mandos e na que ademais do cadro dixital ou o monitor central de 12,3", aparece un pequeno display entre ambos de 5,3 polgadas para manexar os mandos da climatización.

Unha dixitalización que non está rifada cos mandos físicos, pois estes seguen aparecendo na zona central e mesmo suman unha superficie táctil incrustada na propia moldura que aumenta a sensación utilidade. Os





retrovisores dixitais son un detalle de distinción tecnolóxica que, unha vez adaptados a eles, é un elemento que proporciona seguridade e comodidade.

Con todo, o punto diferenciador deste SUV é sen dúbida o espazo interno pois temos un vehículo que supera os tres metros de batalla, o que lle permite ofrecer

“O EV9 pódese cargar de forma ultrarrápida con 800 volts

un habitáculo apto para sete pasaxeiros ou, no caso de requirilo para seis, con dúas filas de asentos posteriores con butacas independentes. Todos os usuarios viaxarán cómodos. Incluso a terceira fila poden viaxar adultos de 1,80 metros.

Carga bidireccional

O EV9 ten capacidade de carga bidireccional, o que no futuro permitirá utilizar tecnoloxías avanzadas como carga dende o vehículo (V2L), subministración de electricidade aos fogares ou edificios (V2B/V2H) e á rede eléctrica (V2G). Coa función V2L, introducida co Kia EV6 e de serie no EV9, os clientes poden alimentar aparellos de 220 volts utilizando a batería do EV9. As funcións V2B e V2H consisten na



capacidade do vehículo para alimentar un edificio ou a casa do cliente. Coa función V2G é posible transferir enerxía da batería á rede. Esta función serve para almacenar electricidade barata nas horas val e transferíndoa durante os períodos de máxima demanda.

Conclusións

Kia fixo con este modelo un grande exercicio de estilo estético e á vez tecnolóxico. Mostrando no EV9 un gran potencial de futuro como construtor de vehículos eléctricos.

Este surcoreano, que é un dos poucos sete prazas eléctrico actualmente no noso mercado, xa é unha



Os retrovisores dixitais son un detalle de distinción tecnolóxica

realidade por un prezo aproximado duns 85.000 euros, sen descontos oficiais nin promocións. Un prezo que pode parecer alto, pero tamén temos que dicir que alto é o equipamento de seguridade e tecnolóxico do

que dispón este exercicio de poderío de innovación, sen descoirdar un deseño moi traballado.

Realmente a relación prezo/equipamento/tecnoloxía é unha das virtudes deste SUV eléctrico.

ARRINCAMOS!



Sentar no posto do condutor do EV9 é sentirse noutra dimensión. Axustaremos o volante e o asento todo a través de botóns, ao igual que os retrovisores. A sensación de comodidade superior é inmediata. O volante e os asentos dianteiros son calefactables. Prememos o botón de arrinque... e todo

é silencio, pero xa temos un montón de cabalos ao noso dispor. Estamos a falar dun SUV de 384cv cun par máximo de 700 Nm. Semellantes cifras permítenlle acelerar de 0 a 100 km/h en 5,3 segundos e alcanzar unha velocidade de 200 km/h. En marcha, o empurrón é contundente, máis aínda se temos en conta que pesa case 2,7 toneladas pero a sensación de aceleración é contundente, incrementase co modo de conducción Sport. O EV9 incorpora un motor dianteiro e outro traseiro. Só funcionan os dous cando o sistema o ve conveniente. En certos momentos o sistema pode desconectar o motor dianteiro para mellorar o consumo. En

estrada manéxase sen problemas, só mostra un certo balanceo da carrozaría en zonas reviradas. Ten un bo confort de marcha, un filtrado das suspensións correcto grazas á función autonivelante do eixe traseiro e ao baixo centro de gravidade. A nós gustaríanos unha suspensión algo máis enérxica, pero temos que recoñecer que para o uso que lle darán a maioría dos seus usuarios está ben regulada. Por outra banda, a dirección é comunicativa e a tracción total mantennos pegados ao chan. A freada conta coa colaboración da recuperación de enerxía (a través dunhas levas), que ademais de axudar a frear ao EV9 recarga a batería. Unha das preocupacións

un automóbil eléctrico é a autonomía. Neste apartado o EV9 ten un alcance homologado de 505 quilómetros en ciclo mixto e 668 en cidade. Cifras que consegue grazas a unha xigantesca batería de 99,8 kWh de capacidade composta por 38 módulos e 456 células. Unha batería que grazas ao uso da plataforma E-GMP fai gala da tecnoloxía de 800 volts.

O EV9 pódese cargar de forma ultrarrápida con 800 volts, o que significa que os usuarios poden pasar máis tempo conducindo e menos cargando. Tan só quince minutos de carga dan como resultado un incremento da autonomía de ata 223 km.

David Segade, CEO de Karbonius

Estar centrados na fibra de carbono require dunha gran formación e especialización



■ XURXO SOBRINO | TEXTO
 ■ UXÍA QUEIRUGA | FOTOS

Entrar nas instalacións de Karbonius é introducirse nas dunha compañía especializada en alta tecnoloxía de materiais da automoción. Curiosamente esta empresa non está situada nas zonas xeográficas dos grandes construtores do automóbil ou, incluso, da Fórmula 1. Karbonius está colocada no mapa no Polígono Novo Milladoiro (Ames), onde moitas empresas xoves loitan por facerse un oco no complicado panorama empresarial deste século.

Se hai algo que defina a esta empresa, especializada na fibra de carbono, é a xuventude en todos os sentidos. O seu cadro de traballadores, de dezaioito persoas, está composto por xente nova. Todas elas cun denominador común: paixón polos automóviles.

Cando chegamos á porta desta empresa compostelá recíbenos David

Segade (Santiago de Compostela-1977), CEO de Karbonius. Unha persoa que mostra tanto entusiasmo polo seu traballo que é difícil describilo.

Nada máis entrar comezamos a sentir a paixón colectiva polo motor que se respira no ambiente. Todo está impregnado por un sentimento de orgullo polo traballo realizado digno de eloxio.

Presiden a entrada dous BMW M3 de distintas xeracións, ambos os dous están medio desmontados. Un técnico especializado está traballando no van do motor do M3 máis veterano cun escáner especial que transmite datos precisos a un ordenador que está enriba dun carriño ao seu carón.

SPRINT MOTOR: Como xorde o proxecto de Karbonius?

David Segade: Comeza na época da máxima expresión do Tuning na década dos anos 90. Daquela, no meu ámbito social, case todos os meus

amigos e coñecidos tiñan un coche tuneado. Lembremos que o Tuning consiste na modificación dun automóbil para personalizalo esteticamente, no seu rendemento ou na súa funcionalidade. É aí, na explo-

“O noso principal mercado son os Estados Unidos, alí temos un 45% da nosa facturación, ségueno: Alemaña, A China e Gran Bretaña

sión deste movemento automobilístico, onde empecei a darlle voltas ao proxecto que hoxe é unha realidade.

Nese momento inicié unha busca pormenorizada e selectiva de información en revistas e libros sobre un material cunhas características impresionantes de rixidez, peso,

resistencia e estética: a fibra de carbono.

En 1998 conseguín o meu primeiro metro cadrado de fibra de carbono para comezar a experimentar con el. Foron un montón de anos de investigación e desenvolvemento por conta propia. Ensaio-erro, ensaio-erro ata conseguir os resultados esperados.

SM: Como foron eses principios ata consolidaros coma unha empresa de referencia internacional especializada en fibra de carbono?

D. S.: A miña formación académica no deseño en madeira, na Escola de Artes Aplicadas, deume unha gran base para facer prototipos de moldes, a isto hai que engadirlle un curso especializado no tratamento e modelaxe da fibra de carbono. Todo isto foron os elementos que, a través de moitas probas ou experimentos, foron conformando a idea de que podíamos chegar a ter un gran nivel coa fibra de carbono.

Comecei cun par de colabores a realizar ensaios no garaxe da miña casa pola época antes mencionada, posteriormente, trasladámonos a un pequeno local duns 200 metros cadrados. No ano 2017, xa como unha empresa consolidada, pasamos á nave que ocupamos actualmente no Polígono Novo Milladoiro.

SM: Cales son os principais produtos que desenvolvedes e fabricades?

D. S.: Nós temos, principalmente, un catálogo de pezas de fibra de carbono para vehículos de BMW, en concreto para a gama M3. Karbonius diseña, desenvolve e fabrica pezas específicas para os M3 como: aletas, defensas, capós e portóns, entre outras. Temos que subliñar que a nosa peza estrela son as caixas de admisión que lle achegan, ademais de máis potencia, un son espectacular e característico.

SM: Podemos dicir que estades especializados en pezas para os grandes fabricantes alemáns de coches deportivos?

D. S.: Pois si, sobre todo Porsche e BMW. Estas son marcas onde os usuarios teñen unha gran tradición de incorporar nos seus deportivos pezas de fibra de carbono que, ademais de reducir o peso do coche considerablemente, lle dan un toque de distinción e carácter. É unha maneira de darlles un selo persoal aos seus vehículos.

Por outra banda, teño que dicir que tamén temos moitas consultas de propietarios de marcas xeneralistas interesados en saber se temos pezas específicas de fibra de carbono para os seus modelos.

SM: Tedes algunha outra peza no voso catálogo que sexa doutro sector diferente ao dos automóviles?

D. S.: Ademais do noso catálogo de pezas antes mencionadas, temos outra vertente moi importante que é a de desenvolver pezas específicas realizadas baixo pedido. Estamos a falar de casos moi diversos

e curiosos como foi a fabricación de caixas de admisión para motos de serie da marca Gas-Gas, hamacas para piscinas ou atrís para auditorios, entre outros. Comentar que fabricamos algunhas partes e compoñentes para barcos. Un exemplo é o desenvolvemento dunha orza que formou parte da embarcación gañadora da medalla de bronce na categoría 470 nos Xogos Olímpicos de Tokio 2020.

Tamén traballamos na actualidade noutros proxectos dos que non podemos falar por mor de ter asinados con-

“Os usuarios de Porsche e BMW teñen tendencia a incorporar nos seus deportivos pezas de fibra de carbono

tratos de confidencialidade.

Por outra banda, temos que dicir que estamos abertos a todo tipo de elementos realizados en fibra de carbono. Na actualidade a nosa empresa ten moitos recursos e un departamento moi potente para o deseño e desenvolvemento de produtos dunha gama moi variada.

SM: Por que todo xira arredor da fibra de carbono na vosa compañía?

D. S.: A fibra de carbono ten unhas calidades impresionantes. Ten moitas vantaxes. A súa lixeireza e robustez e o seu efecto visual fan que sexa un material moi atractivo. É moi agradecido á hora de traballalo, dende o seu proceso de lixado ata o de vernizado, pasando polo de laminado. Tamén estar centrados na fibra de carbono require dunha gran formación e especialización que fai que en Karbonius teñamos que estar ao cen por cento centrado nel.

SM: Cal é a previsión de futuro de Karbonius?

D. S.: Nós imos dando pasos na dirección que cremos

axeitada. Hai que ser prudentes empresarialmente. Temos unha progresión continua dende que viñemos para as nosas instalacións do Polígono Novo Milladoiro hai oito anos. Agora encontrámonos cunha ampliación necesaria, case obrigatoria, pois a nave actual xa quedou pequena hai tempo. Para alcanzar os obxectivos que temos a medio prazo estamos valorando un maior investimento e a ampliación do cadro de persoal.

SM: Todos estes procesos da fibra de carbono requiren dunha maquinaria moi concreta e de última xeración. Karbonius está no bico da onda neste apartado?

D. S.: Si, sen dúbida. En maquinaria e tecnoloxía podemos dicir que estamos equipados con calquera empresa punteira do sector. Temos unha autoclave de última xeración, que é fundamental no noso proceso, pero que en breve prazo teremos que cambiala por outra de maior capacidade. Neste caso non é cuestión de innovación senón de tamaño. Tamén temos pensado implementar un novo software moi potente e tecnoloxía de última xeración 3D ao longo deste ano; todo isto facilitaranos o proceso de deseño e desenvolvemento de moitas pezas estruturalmente complicadas.

SM: Que lugar ocupa a Intelixencia Artificial na vosa empresa?

D. S.: Levamos facendo probas coa Intelixencia Artificial dende hai meses. Esta tecnoloxía veu para quedar, xa é imprescindible en moitos dos nosos procesos. Isto non fixo máis que empezar, temos claro que é moi interesante para o noso sector.

SM: Tedes contemplado incorporar outros materiais innovadores nos procesos de Karbonius no futuro?

D. S.: A verdade é que somos uns fans do carbono, é un material que cremos que aínda ten moito que mostrar. Nestes momentos non descartamos outras posibilidades, pois a industria automotriz está

cambiando dun xeito vertixinoso. Con esta época de grandes cambios estamos seguros que chegarán materiais novos con propiedades moi interesantes. Nós sempre estamos atentos ás novidades.

SM: Falemos de mercados. Cales son para vós os principais?

D. S.: Principalmente Estados Unidos, alí temos un mercado dun 45 por cento da nosa facturación. Ségueno: Alemaña, A China e Gran Bretaña. Como países anecdóticos entre os nosos clientes podemos citar Xapón e Turquía.

SM: No mercado mundial actual parece difícil poder competir a nivel global dende Santiago de Compostela. Así e todo vós demostrastes que é posible.

D. S.: Absolutamente. Vistes todas as nosas instalacións con detemento, que son o resultado de moito esforzo colectivo, do traballo de bastantes anos e de ter ilusión e crer no proxecto. Pares fundamentais para crear unha empresa. En Santiago de Compostela é posible construír moitos proxectos empresariais, nós fixémoslo.

SM: As pezas de fibra de carbono están consideradas popularmente como custosas, isto é realmente certo?

D. S.: Hai que ter en conta que o proceso de fabricación é moi laborioso, e teríamos que dicir que delicado. Creo que de todos os xeitos non é caro para todo o que require a realización dunha peza con este material. Tamén teño que engadir que os prezos varían coa fabricación a escala. Non é o mesmo fabricar unha única peza específica e exclusiva para un cliente que facerlle un milleiro delas.

Por exemplo, no mundo da competición automobilística hai xente que se xunta e nos encarga que desenvolvamos unha peza específica para un grupo deles, desta forma obteñen un prezo máis vantaxoso.



Zontes E125

Calidade e tecnoloxía ao mellor prezo





■ XOSE ARUFE | TEXTO
■ UXÍA QUEIRUGA | FOTOGRAFÍA
WWW.MOTOSPRUEBAS.COM
motos@motospruebas.com

O Zontes E125 representa unha revolución no mundo dos *scooters*, ofrecendo unha experiencia de condución incomparable que o coloca no cumio do seu segmento. Este impresionante Gran Turismo comparte a mesma plataforma de bastidor e carrozaría co seu irmán maior, o E350, o que lle confire unha robustez e porte dignos dun *megascoter*. O seu deseño, meticulosamente elaborado con

formas fluídas e aerodinámicas, non só suxire a súa capacidade para percorrer longas distancias con comodidade, senón que tamén evidencia a súa habilidade para manobrar con axilidade en contornas urbanas conxestionadas.

Tralo *crossover* G 501, agora desvélase o E125, coas dimensións e o equipamento sobrealimentado do E350, satisfacendo así as esixencias dos usuarios máis esixentes. Os *scooters* de 125cc son a elección preferida daqueles que buscan un medio de transporte cómodo e práctico para os

seus desprazamentos diarios. Con todo, tamén demandan un equipamento de serie equiparable ao de modelos de maior cilindrada, e é precisamente neste aspecto onde o Zontes E125 destaca. Con características de alto nivel, este *scooter* preséntase como unha solución perfecta, ofrecendo un rendemento excepcional apoiado por un potente motor.

Deseño e tecnoloxía

Na súa parte dianteira, o E125 exhibe un faro LED de seis focos que ilumina o camiño cunha claridade





excepcional, mentres que o DRL incorporado garante unha visibilidade óptima tanto para o piloto como para outros usuarios da vía. Ademais, conta cun parabrisas axustable electronicamente e gardamáns que ofrecen unha maior protección contra as inclemencias do tempo e as posibles caídas.

“O amplo frontal protéxenos eficazmente das inclemencias do tempo

A tecnoloxía tamén xoga un papel crucial na experiencia de condución do E125. A pantalla TFT de 6,5 polgadas proporciona ao piloto toda a información necesaria en catro modos diferentes, adaptándose ás condicións de iluminación diúrna ou nocturna.

Ademais, mediante unha *app* descargable, o piloto pode converter o seu *smartphone* nun completo sistema de navegación GPS e xestionar chamadas e multimedia directamente dende a pantalla. O sistema de control da presión e a temperatura dos pneumáticos garante unha viaxe segura en todo momento, mentres que o acceso sen chave, os dous modos de condución (Eco/Sport) o ABS de dobre canle e a dobre *tija* tipo moto engaden un extra de seguridade e confort, que máis se pode pedir?

Instrumentación

O parabrisas é regulable electricamente e contrólase, como todas as funcións do *scooter*, mediante un dos 16 interruptores do guiador. Nas posicións clásicas están os dos intermitentes, buciná, luces grandes de escaleira e sinalización. Á esquerda actívanse as alarmas, axústase a altura do parabrisas e cámbiase a visualización da pantalla. Á dereita están

o interruptor de arrinque, o interruptor de parada, o interruptor dos faros, a grella calefactada, os programas de condución, o bloqueo do guiador, a apertura do asento e a apertura da tapa do tapón do depósito de combustible.

Tamén vemos asideiros recubertos de goma para protexer as mans do pasaxeiro, un cabaquete central, outro lateral e un soporte para montar un soporte de teléfono móbil, sen necesidade de realizar ningunha modificación.

Propulsor

En canto ao motor, a Zontes E125 está propulsada por un compacto monocilíndrico de 125cc, refrixerado por líquido e con culata de catro válvulas. Con iso, este scooter produce 14,6cv a 8.250 rpm

“Este *scooter* incorporar un equipamento de serie equiparable ao de modelos de maior cilindrada

e 12,8 Nm de par a 6.500 rpm con inxección de combustible controlada electronicamente de Bosch, o límite xusto cando se trata



dos parámetros do carné A1 ou B. Para unha condución fiable, utiliza o sistema de inxección electrónica de combustible MSE 8.0 de Bosch.

Arrincamos!

Ao emprender a viaxe, atopámonos cunha experiencia de condución sumamente confortable. A posición ergonómica do guiador, elevado na súa máxima altura, xunto coa pantalla que nos resgarda do vento, e o asento perfectamente acolchado, convidámonos a percorrer quilómetros sen fin. Ademais, o amplo frontal protéxenos eficazmente

das inclemencias do tempo, mesmo cando caen chuvias fortes, como é habitual na nosa terra.

En contornas urbanas, a pesar do seu tamaño, o Zontes E125 demostra a súa axilidade e lixeireza. As suspensións e os pneumáticos CST, estreitos pero eficaces, absorben sen problemas as irregularidades do terreo, xa sexan de asfalto, cemento, lastras ou lousa. O seu excelente ángulo de xiro permítenos manobrar entre os coches con facilidade sen comprometer a estabilidade.

Na estrada, o Zontes E125 desenvólvese de maneira óptima, grazas os seus case 15cv de potencia.





Aínda que en autovías e autoestradas podemos sentirnos un pouco axustados en certas situacións, especialmente en urxencias de tempo. É preferible optar polas estradas convencionais para gozar plenamente do seu rendemento.

Os compoñentes electrónicos integrados permítenos ter un control absoluto sobre todos os parámetros da moto, garantindo unha

experiencia de condución sen preocupacións.

Conclusións

En resumo, o Zontes E125 é moito máis ca un simple scooter, é unha declaración de estilo e tecnoloxía que redefina os estándares do segmento de *megascoters* de 125cc. Co seu amplo abanico de características e o seu inigualable rendemento,

este impresionante vehículo de dúas rodas posiciónase

“O faro LED de 6 focos ilumina o camiño cunha claridade excepcional

como unha opción sumamente atractiva para os motoristas que buscan unha excelente relación calidade/

prezo, a Zontes E125 emerxe como un verdadeiro desafío mesmo para a raíña indiscutible do sector, a Honda Forza 125, e supera con faratura ao resto dos *megascoters* de 125cc do mercado.

Lembrar que as mellores prazas de aparcamento reservadas en moitas rúas das cidades de forma gratuíta para as motos, son unha vantaxe adicional para aqueles motoristas que buscan comodidade e practicidade nos seus desprazamentos urbanos.



Ficha Técnica

ZONTES E125

- **TIPO DE CARNÉ:** 125cc
- **ANO:** 2024
- **MOTOR E TRANSMISIÓN**
- **CILINDRADA EXACTA:** 125cc
- **TIPO:** monocilíndrico de 4 tempos
- **DISTRIBUCIÓN:** DOHC (dobre árbore de levas)
- **VÁLVULAS POR CILINDRO:** 4
- **ALIMENTACIÓN:** inxección electrónica Bosch
- **REFRIGERACIÓN:** líquida
- **POTENCIA MÁXIMA:** 14,55cv a 8.250 rpm
- **PAR MÁXIMO:** 12.8 Nm a 6.500 rpm
- **COMBUSTIBLE:** gasolina sen chumbo 95
- **NORMATIVA ANTICONTAMINACIÓN:** Euro5
- **EMISIÓN:** CO2 61 gr/km
- **TRANSMISIÓN SECUNDARIA:** correa
- **CHASIS**
- **TIPO DE CHASIS:** estrutura multitubular de aceiro
- **SUSPENSIÓN DIANTEIRA:** pinza convencional (110 mm)
- **SUSPENSIÓN TRASEIRA:** basculante dobre brazo (dobre amortecedor)
- **AMORTECEDORES TRASEIROS:** 2 (percorrido 101 mm) con precarga
- **FREO DIANTEIRO:** disco (265 mm) pinza radial 4 pistóns
- **FREO TRASEIRO:** disco (265 mm) pinza un pistón
- **RODA DIANTEIRA:** 14" de aluminio fundido
- **RODA TRASEIRA:** 14" de aluminio fundido
- **DIMENSIÓN E PESO**
- **LONXITUDE:** 2.180 mm
- **ANCHURA:** 860 mm
- **ALTURA:** 1.400 mm
- **DISTANCIA ENTRE EIXOS:** 1.570 mm
- **ALTURA LIBRE AO CHAN:** 125 mm
- **ALTURA DE ASENTAMENTO:** 757 mm
- **CAPACIDADE DO DEPÓSITO:** 16 litros
- **PESO EN SECO:** 166 kg
- **CONSUMO:** 2,7 l/100 km
- **EQUIPAMENTO**
- Oco baixo o asento (dous cascos integrais)
- Freo de estacionamento
- Guanteira con chave
- Inmobilizador eléctrico
- Alarma
- Arrinque eléctrico
- Sistema keyless
- Warning
- Toma de corrente USB
- Pantalla regulable eléctrica
- Regulación de maneta de freo
- Cabaleta central
- Pata de cabra
- Amortecedor regulable
- Cubremáns
- Instrumentación
- TFT
- Contarrevolucións
- Reloxo
- Nivel de gasolina
- Temperatura de refrixerante
- Testemuña de reserva
- Conectividade smartphones
- Bluetooth
- Aplicación smartphones
- Indicador presión pneumáticos
- Navegador
- Electrónica
- ABS
- Iluminación full-LED
- Luz DRL

70 Anos do Alfa Giulietta Sprint

Romanticismo literario e vangarda industrial

■ DANIEL G. PALAU | TEXTO ■ SPRINT MOTOR | FOTO



Poderíase afirmar que o Giulietta Sprint marcou o inicio dunha nova era para Alfa Romeo aló por 1954, cando o seu lanzamento inaugurou a fabricación en serie para a compañía. Foron os anos onde Alfa iniciou a súa era dourada, establecendo unha colaboración coordinada dende as etapas iniciais do proxecto, en lugar de abordalo posteriormente unha vez ensamblado o chasis, con renomeados carroceiros como Bertone ou Ghia.

Ademais, ao optar polo evocador nome "Giulietta", en homenaxe á heroína da traxedia de Shakespeare, Alfa Romeo non só fusionou maxistralmente a súa identidade cun toque de romanticismo literario, senón que tamén respondeu ás

críticas, como a expresada por Madame De Cousandier, sobre a falta dunha figura feminina representativa na nomenclatura da marca: "moitos Romeos, pero ningunha Xulieta".

Icona de Alfa Romeo e a industria do motor

O Giulietta Sprint pasou á historia non só pola súa estética, senón, en primeiro lugar, pola súa estratexia comercial. Ao lanzar no Salón do automóbil de Turín a versión deportiva en lugar da berlina, que era opción típica inicial para maximizar as vendas, a marca italiana desafiou as convencións do mercado. Esta decisión viuse apoiada polo deseño rechamante de Bertone e o motor orixinal de 65cv,

cunha acústica que, aínda que algo ruidosa para unha berlina, resultaba ideal para o cupé deportivo do Sprint.

“O Giulietta Sprint consolidou o éxito da marca durante os anos do Milagre Económico

O Giulietta apareceu como un rechamante deportivo 2+2, cunha carrozaría compacta e versátil que combinaba habilmente aerodinámica e espírito deportivo con comodidade práctica, como evidencia o espazo interior ben aproveitado, con prazas traseiras xenuínas capaces de aloxar

comodamente a dous adultos. O luxoso interior deseñado por Ghia presentaba detalles dinámicos, como o cadro de instrumentos onde os tres indicadores redondos formaban un rechamante triángulo baixo a viseira do cadro de mandos.

Innovación para o desenvolvemento

O motor de 1.290cc con 4 cilindros en liña, inicialmente desenvolvía 65cv, mais pronto foi mellorado a unha versión de 80cv, capaz de alcanzar os 166 km/h. Este motor foi pioneiro ao incorporar de serie unha dobre árbore de levas de aluminio, un material empregado tamén no bloque motor e a culata para optimizar o peso ata os 850 kg. Unha acumulación de innovacións de época que deixou pegada no tempo.

Con máis de 34.000 unidades vendidas nas súas diversas variantes, o Giulietta Sprint converteuse no modelo que consolidou o éxito da marca durante os anos do "Milagre Económico". O seu legado perdura como un fito tanto na historia de Alfa Romeo como no desenvolvemento da industria automotriz italiana. Para celebrar o seu 60 aniversario, en 2014 lanzouse a serie especial Alfa Romeo Giulietta Sprint.



Peugeot 305 V6: o coche único que nunca viu a luz

Unha berlina de rali

■ DANIEL G. PALAU | TEXTO ■ SPRINT MOTOR | FOTO



Na encrucillada entre finais dos 70 e principios dos 80, o mundo dos deportes de motor despegou para o público de masas, entrando na súa fase dourada. Nese momento, a tecnoloxía era puramente analóxica, e a verdadeira esencia estaba na mecánica. Os coches, con pouca electrónica e só dúas rodas motrices, enfrontáronse a un reto: como extraer máis potencia? Como continuar o espectáculo? A resposta foi en centímetros cúbicos.

Nesa atmosfera, en 1977, Peugeot, coa mira posta en substituír nos ralis aos famosos 504 Berlina e Coupé, deu vida a un prototipo único, o 305 V6. Este vehículo baseouse no novo Peugeot 305, unha berlina de catro portas deseñada por Pininfarina, de dimensións

medias, que aspiraba a reforzar a gama e suceder aos poucos ao 304.

Unha xoia da mecánica: o motor V6

O motor V6 atmosférico, de 2,5 litros de cilindrada e 24 válvulas, procedente do Peugeot 604, foi meticulosamente traballado para

“O único prototipo do 305 V6 forma parte da colección do Museo Histórico de Peugeot

desenvolver unha potencia total de 250cv. Unha cifra que practicamente duplicou

o rendemento do Peugeot 305 GTX de serie, propulsado polo modesto motor de gasolina 1.9 UX9, que ofrecía uns 150cv. Aínda que hoxe poidan parecer escasas, nos anos 80, foron máis que suficientes para darlle un carácter deportivo a unha berlina mediana. A alimentación por inxección mecánica de Kügelfischer, xunto con colectores de admisión separados e un único filtro de aire seco, completaron este paquete mecánico excepcional.

Para adaptarse ás formas e volumes do Peugeot 305, o V6 foi montado cara atrás, preto do habitáculo, rebaixándose para favorecer a distribución do peso e o centro de gravidade. Este vehículo tiña propulsión traseira, a diferenza do Peugeot 305 estándar, que era dianteira. Mantívose o esquema de transmisión clásica, cunha caixa de cambios manual de 5 velocidades situada no eixe traseiro. Aínda que os paragolpes foron ampliados, as liñas do V6 seguían sendo moi similares ás do Peugeot 305 de rúa.

Así e todo, moitos dos elementos da carrozaría foron substituídos por compoñentes de aluminio e materiais sintéticos para

manter o peso por debaixo dos 900 kg. O resultado foi un proxecto prometedor, pero, por desgraza, nunca viu a luz.

Sacrificado polo turbo e as regras da competición

O destino do Peugeot 305 V6 viuse alterado por dous grandes desenvolvementos: a rápida propagación dos motores turboalimentados e a introdución, por parte da FIA, do famoso Grupo B de competición, que non limitaba nin o peso, a potencia ou a tracción. Estes cambios perturbaron os plans de Peugeot, e o proxecto foi arquivado. Porén, a súa existencia lémbra-nos a época dourada da mecánica pura e a paixón pola velocidade.

Así, o Peugeot 305 V6 converteuse nunha xoia perdida no tempo, eclipsada polo seu irmán pequeno, o Peugeot 205 Turbo 16. Aínda que non competiu en ralis, o seu legado resiste na memoria dos amantes dos coches clásicos. Nunca chegaría á fase de produción, rematando coa creación dun único prototipo que actualmente forma parte da colección do Museo Histórico da marca.





Levamos anos
desempeñando
o noso papel de
informar cada mes

Lexus LY680

Un oasis no medio do mar

■ REDACCIÓN | TEXTO

Chegou a primavera e xa son moitas as persoas que están a pensar en navegar. En Galicia o mar sempre o temos presente, grazas a que gozamos de moitos quilómetros de costa. Para ir abrindo boca aos máis mariñeiros traemos a estás páxinas un Lexus "marítimo". Un exercicio de estilo que só velo é un auténtico pracer.

O icónico iate de luxo LY650 de Lexus dará un paso máis na súa evolución para converterse no novo LY680, por medio dunha nova versión que traerá novidades moi interesantes. A nova actualización contará cunha eslora total de 20,66 metros e unha manga de 5,76 metros. No que a rendemento se refire, Lexus busca unha navegación que infunda confianza, unha gran estabilidade de manobra, un confort de marcha excelente e un funcionamento silencioso. Incorpora para isto un motor dobre Volvo IPS 1350/1050, que impulsan un barco dispoñible con tres camarotes (seis camas).

No exterior obsérvase a filosofía de deseño L-finesse de Lexus, destacando tamén a factura artesá do interior, que tivo en conta ata

o máis mínimo detalle para ofrecer un espazo onde destaca o gran confort. A cuberta superior ampliouse 1.4 metros e a plataforma de baño ampliouse uns setenta centímetros, o que permite un maior desfrute dunha gran variedade de actividades mariñas, incluíndo vehículos acuáticos persoais. Nas palabras de Lexus o concepto do iate é "sentirse nun escondite no medio do mar, nun espazo onde os clientes máis esixentes poidan sentirse libres e a gusto". As entregas en Xapón están previstas para a primavera de 2026, sen descartarse o lanzamento internacional en función da demanda dos clientes.



O deseño interior está coidado ata o máis mínimo detalle



O Lexus LY680 estará dispoñible con tres camarotes (seis camas)



Consellos para o mantemento dos pneumáticos

Só co mantemento adecuado os condutores sacan o máximo partido aos seus pneumáticos e poden mesmo aforrar diñeiro a longo prazo.

- Inspeccione os pneumáticos con regularidade en busca de danos e asegúrese de que cumpren coa profundidade mínima legal do debuxo esixida. Os pneumáticos desgastados sofren especialmente en condicións de chuvia.

- Comprobe a presión unha vez ao mes. Uns pneumáticos pouco

inflados non só farán que o seu vehículo consuma máis combustible, senón que tamén aumentarán o desgaste e, en casos extremos, provocarán a rotura dos pneumáticos. Siga sempre as indicacións do fabricante sobre a presión dos pneumáticos. Esta información pode atoparse no manual do vehículo. Nunca utilice pneumáticos por debaixo do índice de carga recomendado.

- Evite, no posible, o contacto con bordos e fochancas.



Un hiperdeportivo de 4 millóns de euros

Bugatti Bolide



O Bolide atópase no cumio do rendimento orientado ao circuíto. O hiperdeportivo exclusivo para pista exemplifica o espírito do máximo rendimento. Diseñado con precisión, este Bugatti representa unha desviación da norma, un cambio cara a un ámbito de condución completamente diferente que a marca aínda non explorara na súa historia moderna. Todas as súas características están deseñadas e axustadas para dominar os circuítos.

A pesar das súas extraordinarias capacidades de rendimento, o Bolide segue sendo accesible, mesmo para quen non teñen experiencia en carreiras. Na procura da perfección, os enxeñeiros de Bugatti crearon un hiperdeportivo

exclusivo para pista que convida os condutores a explorar os seus límites. O equipo de enxeñería de Bugatti afinou ao máximo a aerodinámica, a transmisión e as características de condución do Bolide.

O piloto oficial de Bugatti, Andy Wallace, comentou: "Todo o relacionado co coche está nun nivel completamente diferente ao que conducín antes. Todos os automóviles son difíciles de conducir ao límite pero, mesmo ao límite das súas capacidades, o Bugatti Bolide segue sendo sorprendentemente fácil de conducir. Cando tes un bólido con tanta capacidade e tanta carga aerodinámica, non moita xente crería que iso sexa posible. Mesmo eu atopeime nun estado de

incredulidade despois da miña primeira proba de condución en circuíto con el".

Tecnoloxía punta

A clave para o comportamento do Bolide na pista son varias tecnoloxías implementadas por primeira vez nun Bugatti, así como tecnoloxías que xeralmente non están dispoñibles nun coche de pista, como ABS e ESP. Construído o máis fielmente posible ao lendario motor turboalimentado W16 de 8.0 litros e 1.600cv da marca, o Bolide presenta un monocasco avanzado ultralixeiro fabricado cun composto de fibra de carbono de alta calidade.

A posición do asento é completamente nova para Bugatti, reclinado cara á parte traseira do automóbil, o que garante que os talóns do condutor queden lixeiramente elevados. Isto imparte unha confianza inquebrantable sobre o asfalto. Esta confianza tamén se viu aumentada en parte polo exclusivo sistema de freos Brembo.

Prestacións

Cunha velocidade máxima de 380 km/h nunha configuración de baixa carga aerodinámica, o hiperdeportivo Bugatti amosa unha aptitude nas rectas que supera aos Fórmula 1, onde o récord de velocidade de todos os tempos alcanzou preto de 373 km/h. Para o Bolide, o único límite é atopar rectas o suficientemente longas como

para alcanzar o 380 km/h. As rectas en pistas aprobadas pola FIA non poden exceder os 2 km de lonxitude, con só un puñado de excepcións en todo o mundo. A pesar da súa impresionante velocidade máxima, na elasticidade é onde realmente brilla o Bolide.

Wallace engadiu: "A sensación cando saes dunha curva, pisas o acelerador e experimentas esa implacable onda de potencia é incomparable. Saes desa curva a 100 km/h, e de aí a 200 e logo a 300 é unha absoluta revelación. Nese escenario específico o Bolide afastaríase dun auto de Fórmula 1".

Con todo, dado que o rendimento na pista non está definido pola velocidade máxima, o enfoque de enxeñería de Bugatti priorizou as curvas, a tracción e a freada sobre a velocidade máxima, asegurando que se adaptase perfectamente á condución en circuíto. O Bolide pode navegar polas curvas con total precisión. A súa aerodinámica avanzada traballa para xerar ata tres toneladas de carga aerodinámica, o seu baixo centro de gravidade crea capacidades de agarre excepcionais con forzas laterais que alcanzan un máximo de 2,5 G.

O interior do Bolide rezuma calidade. O aire acondicionado, a dirección asistida e os asentos de deseño ergonómico garanten que cada volta sexa tan cómoda como memorable, todo isto por 4 millóns de euros (sen impostos). Só se fabricarán 40 unidades.

NALGÚN LUGAR DE COMPOSTELA...

MIÑA FILLA,
PILLA OS BOLETOS PARA O
SORTEO
DE DUAS
TELEVISIONS
SMART TV 32"

EN **Compostela** Monumental
COMERCIO DO CAROZO HISTÓRICO

ATA O 31 DE MAIO SORTEAMOS DUAS TELEVISIONS SMART TV PE 32" E LOTES PE PRODUTOS XALOREO. SOLICITA O TEEU BOLETO AD FACER A TUA COMPRA EN CALQUERA ESTABLECIMENTO ASOCIADO A COMPOSTELA MONUMENTAL. CLÚBREGO, DEPOSITAO NA URNIA E... ¡BOA SORTE!

**MES DE MAIO
MES DA NAI**

XUNTA DE GALICIA MOONOFF P Deputación DA CORUÑA CONCELLO DE SANTIAGO cocahi

Triunfo de Maserati

O Maserati GT2, n.º1 do equipo LP Racing, conseguiu a súa primeira vitoria no Campionato Fanatec GT2 European Series Powered by Pirelli. Os encargados de conseguir este resultado histórico foron os pilotos Leonardo Gorini e Carlo Tamburini na Carreira

1, a proba inaugural celebrada no trazado de Paul Ricard. Na segunda rolda, en Francia, Maserati conseguiu outro podio ao conseguir a terceira posición co segundo coche do equipo LP Racing de Módena, pilotado por Philippe Prette.



Raid AutoClassic Ciudad de Alcañiz

A proba de regularidade histórica disputouse por terras de Teruel entre os días 5 e 7 de abril. Con esta proba Alcañiz revalidou o seu título como 'Ciudad de Motor'. Percorréronse máis de 350 km de camiños de montaña, piñeirais, paisaxes desérticas, canóns... nun quebracabezas de imaxes de excepcional beleza.

O equipo formado por Roberto e Javier Royo-Villanova de Caspe co seu Citroën AX foron os vencedores incontestables desta edición do Raid ao gañar dúas das tres etapas, subindo ao máis alto d podio na clasificación xeral. Tras eles a segunda posición foi para David Barbas/Domingo Rodríguez aos mandos

dun Peugeot 205; e a terceira praza levárona Ramón Franquesa Alberti/Carlos

Guevara cun Volkswagen Golf Country.



O Hyundai Ioniq 5N no S-Cer

O Ioniq 5 N deu un recital sobre o asfalto das estradas cordobesas, para asombro de todos os espectadores. Unha vez finalizado o Rali Sierra Morena (5 e 6 de abril), Hyundai, na súa aposta pola electrificación, puxo ao dispor da RFEDA como Coche 0b testar do S-CER o novo Ioniq 5 N 100% eléctrico, demostrando desta maneira que a

electrificación é compatible coa competición.

A participación deste deportivo foi un éxito, tanto á hora de pilotalo o campión de España de ralis de Enerxías Alternativas (José M. Pérez-Aicart) como á hora de recárgalas entre treitos e enlaces. O éxito de recargas foi posible grazas aos Supercargadores Wattson, en colaboración con Repsol.

Facendo unha carga móbil a 265kWh cargou, en 7 minutos, dun 19 a un 45% a

batería ao final do terceiro tramo.



Novidades BMW Motorsport

Trala tempada 2023 na que se fixo co título na categoría GT4 do campionato de España de GT, este ano BMW Motorsport volve á competición debutando no campionato Iberian Supercars. O equipo segue apostando polo M4 GT4 cunha decoración totalmente nova, obra asinada polo artista asturiano Juan Díaz-Faes que deseñou unha librea inspirada nos cómics clásicos con formas en branco e negro nas que se distinguen pezas mecánicas como un cilindro,

un escape ou un parafuso, todo iso harmoniosamente mesturado sobre as superficies irregulares da carrozaría cupé do M4 GT4. Un traballo figurativo no que tamén se aprecian personaxes característicos das obras do artista.

Calendario da Iberian SuperCars Endurance 2024

- 25/26 de maio 2024 – Jérez
- 15/16 de xuño 2024 - Jarama
- 13/14 de xullo 2024 – Estoril

• 28/29 de setembro 2024 – València

• 26/27 de outubro 2024 – Portimao





HASTA
10 AÑOS DE GARANTÍA*
100.000 KM CONSUMO
LEXUS RELAX

LBX

EVERYDAY EXTRAORDINARY



NUEVO LEXUS LBX POR 250€/MES

48 cuotas. Entrada: 6.906,30€. Última Cuota: 21.461,65€.
TIN: 8,50%. *TAE:9,84%.

LEXUS GALICIA-BROGAN AUTOLUX S.L.

Avda. das Mariñas, 288 - Perillo - Oleiros (A Coruña) - Tel. 981 160 444
Ctra. de Camposancos, 141. Nave 3 - Vigo - Tel. 986 203 320
Ctra. de la Coruña, Km. 36/38 - Lugo - Tel. 982 264 246
www.lexusauto.es/a-coruna

Lexus LBX ELEGANT MY24. Emisiones CO₂ (g/km): 103. Consumo medio (l/100 km): 4,5.



*Lexus LBX ELEGANT MY24. Precio por financiar: 31.500 € con Lexus Privilege. PVP al contado sin servicios: 34.300 €. Entrada: 6.906,30 €. TIN: 8,50%. TAE: 9,84%. 49 meses: 48 cuotas de 250 €/mes y última cuota: 21.461,65 €. Comisión de apertura financiada (2,99%): 735,35 €. Precio Total a Pagar: 40.367,95 €. Importe Total de Crédito: 25.329,05 €. Importe Total Adeudado: 33.461,65 €. Coste Total de Crédito: 8.867,95 €. Importe de Intereses: 8.132,60 €. Sistema de Amortización Francés. Oferta conjunta de Lexus España y Toyota KreditBank GmbH (sucesor en España con el producto Lexus Privilege). Capital mínimo a financiar: 20.000 €. El producto Lexus Privilege le permitirá, al finalizar el plazo, cambiar su LBX ELEGANT MY24 por un nuevo Lexus, devolviéndolo sin gastos adicionales o quedándose pagando o refinanciando la última cuota siempre que se cumplan las condiciones establecidas en el contrato. Oferta válida en Península y Baleares. IVA, transporte, impuesto de matriculación y campaña promocional incluidos. Hasta 10 años o 165.000 km de Garantía con Lexus Relax. Consulte términos y condiciones en www.lexusauto.es. Otros gastos de matriculación, pintura metalizada y equipamiento opcional no incluidos. Oferta válida hasta el 30/04/2024. Promoción no acumulable a otras ofertas o descuentos. Modelo visualizado puede no corresponder con el modelo ofertado. Para más información, o si está interesado en los valores de un vehículo con dinero cobrado, por favor contacte con la División de LEXUS de Toyota España S.L.U. o su Concesionario LEXUS.